

culo profesional e da defensa do proxecto técnico de xestión polos aspirantes, que constan nas actas da devandita comisión.

Esta dirección xerencia, de conformidade co previsto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e en exercicio das competencias que ten atribuídas,

#### ACORDA:

Primeiro.-Adxudicar os postos de traballo convocados aos aspirantes que obtiveron a maior puntuación nos termos previstos no anexo desta resolución.

Segundo.-Os profesionais nomeados deberán cesar na praza que desempeñen dentro dos tres días hábiles seguintes ao da súa publicación.

Terceiro.-A toma de posesión do posto de traballo adxudicado deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento. Para estes efectos, entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrición ou destino provisional ou comisión de servizos.

Se así o permiten as necesidades do servizo, e por petición motivada do interesado, os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser prorrogados polo director xerente do Hospital Comarcal de Valdeorras.

Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular, e será declarado nesa situación polo órgano competente, quen non se incorpore ao posto adxudicado no prazo establecido.

Cuarto.-Os aspirantes nomeados serán avaliados antes de que transcorran catro anos desde o seu nomeamento, para os efectos de prorrogar o desempeño do posto por idéntico período de tempo ou proceder á súa remoción do posto de traballo. A remoción virá precedida dun procedemento que garanta a audiencia do interesado.

Unha comisión técnica, designada conforme o previsto no artigo 7 da Orde do 24 de maio de 2.006, avaliará fundamentalmente a actividade realizada para a implantación do proxecto técnico e o cumprimento dos obxectivos tomados en conta no proceso de selección.

Quinto.-Contra esta resolución poderá interpoñerse, nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, recurso de alzada ante a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo

Galego de Saúde, no prazo de un mes contado desde o día seguinte á súa publicación.

O Barco de Valdeorras, 10 de marzo de 2008.

Roberto Rodríguez Alonso  
Director xerente do Hospital Comarcal  
de Valdeorras

#### ANEXO

Posto: xefe de sección de Medicina Interna.

Nome e apelidos: Antonio Enériz Calvo.

DNI: 17845094-S.

*Anuncio do 12 de febreiro de 2008, da Dirección da Área Sanitaria de Ferrol, polo que se procede a dar publicidade á resolución da mesma data, pola que se convoca, para vinculación temporal, por concurso de méritos, un nomeamento de substitución de titular con dereito a reserva de praza de facultativo especialista de Área en Microbioloxía e Parasitoloxía.*

A citada resolución estará exposta na mesma data da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, nos taboleiros de anuncios da Área Sanitaria de Ferrol e na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)).

A solicitude poderá presentarse no prazo de 15 días naturais desde o seguinte a esta publicación.

Ferrol, 12 de febreiro de 2008.

José Ramón García López  
Director da Área Sanitaria de Ferrol

#### UNIVERSIDADE DA CORUÑA

*Resolución do 10 de marzo de 2008 pola que se convocan probas selectivas para o ingreso por quenda libre na escala de auxiliares de arquivos, bibliotecas e museos desta universidade.*

En cumprimento do disposto nos Estatutos da Universidade da Coruña e co obxecto de atender as necesidades de persoal de administración e servizos, esta reitoría, en uso das competencias que lle están atribuídas, resolve convocar probas selectivas para o ingreso na escala de auxiliares de arquivos, bibliotecas e museos da Universidade da Coruña con suxeición ás seguintes bases da convocatoria:

##### 1. Normas xerais.

1.1. Convócanse probas selectivas para cubrir dúas prazas da escala de auxiliares de arquivos, bibliotecas e museos.

1.2. O proceso selectivo constará de dúas fases, concurso e oposición, coas probas e puntuacións que se especifican no anexo I.

1.3. O programa que rexerá as probas selectivas é o que figura no anexo II desta convocatoria.

1.4. Estas probas selectivas axustaranse ao disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público; na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública; á Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modificada pola Lei 4/1991, do 8 de marzo, pola Lei 3/1995, do 10 de abril, e mais pola Lei 13/2007, do 27 de xullo; ao disposto no Real decreto 364/1995, do 10 de marzo; no Decreto 93/1991, do 20 de marzo; nos estatutos da Universidade da Coruña e nesta convocatoria.

## 2. Requisitos dos candidatos.

Para seren admitidos á realización das probas selectivas, os aspirantes deberán posuír os seguintes requisitos na data de remate do prazo de presentación de solicitudes e mantelos durante todo o proceso selectivo:

a) Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles estados a que, en virtude de tratados internacionais realizados pola Comunidade Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos que en esta está definida no Tratado constitutivo da Comunidade Europea. Tamén poderán participar o cónxuxe, descendentes e descendentes do cónxuxe, dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas. Este último beneficio seralles igualmente de aplicación a familiares de nacionais doutros estados cando así estivese previsto nos tratados internacionais realizados pola Comunidade Europea e ratificados por España.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos e non ter alcanzada a idade de xubilación.

c) Estar en posesión ou en condicións de obter o título de bacharelato, formación profesional de segundo grao o equivalente.

d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Non estar separado mediante expediente disciplinario de calquera das administracións públicas, nin inhabilitado para o desempeño de funcións públicas por sentenza firme. No caso de nacionais dun estado estranxeiro non estar sometido a sanción disciplinaria ou condena penal firme que impida no seu estado o acceso á función pública.

## 3. Solicitudes.

3.1. As solicitudes para tomar parte nestas probas selectivas axustaranse ao modelo que figura como anexo III desta convocatoria e deberán presentarse acompañadas de:

a) Fotocopia do DNI ou documento acreditativo de ser nacional dun estado membro da Unión Europea.

b) Os aspirantes estranxeiros que estean exentos da realización da proba previa de acreditación do coñecemento do castelán, establecida na base 6.6. desta convocatoria, achegarán para tal efecto fotocopia compulsada dos diplomas básico ou superior de español como lingua estranxeira ou do certificado de aptitude en español para estranxeiros expedido polas escolas oficiais de idiomas. De non achegaren esta certificación non poderán ser declarados exentos, polo que deberán realizar a proba a que se refiren estas bases.

c) Certificación acreditativa dos servizos prestados expedida polas respectivas unidades competentes en materia de persoal. Se os servizos foron ou son prestados na UDC deberá indicarse na epígrafe correspondente da solicitude e, deste xeito, a certificación expedirase de oficio, e engadiráselle á solicitude do/a aspirante.

3.2. Os dereitos de exame ascenden a 29,96 € que se ingresarán no *Banco Santander Central Hispano* na conta 0049-5030-15-2516011262. Para realizar o ingreso deberá utilizarse por triplicado o modelo de solicitude que figura como anexo III.

Estará exentos do pagamento da taxa por dereitos de exame que posúa unha discapacidade igual ou superior ao 33%, circunstancia que deberá ser acreditada documentalmente xunto coa solicitude, presentando orixinal ou copia compulsada da cualificación da discapacidade. En ningún caso a presentación e pagamento na entidade bancaria suporá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude.

3.3. As solicitudes dirixiranse ao reitor da Universidade da Coruña no prazo de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Boletín Oficial del Estado*.

3.4. A presentación das solicitudes farase no Rexistro Xeral da Universidade na Coruña (edificio da Reitoría, rúa da Maestranza, nº 9, CP 15001), nos rexistros auxiliares (Casa do Lagar, campus de Elviña e edificio de usos administrativos no campus de Esteiro, Ferrol) ou nas restantes formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro).

3.5. Os aspirantes con minusvalideces deberán indicar na instancia, o grao de discapacidade que padecen así como as adaptacións de tempo e medios que para a realización das probas consideren necesarias.

3.6. Os erros de feito que puidesen advertirse, poderán emendarse en calquera momento, de oficio ou por pedimento do interesado.

3.7. Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixesen constar nas súas solicitudes, e poden unicamente demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido na base 3.2. para a presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo non se admitirá ningún pedimento desta nature-

za, agás causa excepcional sobrevida, xustificada e discrecionalmente apreciada polo tribunal.

#### 4. Admisión de aspirantes.

4.1. Expirado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase no taboleiro de anuncios da Reitoría, no prazo dun mes, a resolución pola que se aproba a listaxe provisoria de aspirantes admitidos e excluídos, con expresión das causas que motivaron a exclusión e o prazo de emenda dos posibles defectos, que será de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da devandita resolución.

4.2. Os aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos da realización das probas, mediante resolución que se publicará no taboleiro de anuncios da Reitoría e na que tamén se indicará o lugar, a data e a hora de realización do primeiro exercicio.

4.3. En todo caso, co obxecto de evitar erros e, no suposto de se produciren, para posibilitar a súa emenda en tempo e forma, os aspirantes comprobáran fidedignamente non só que non figuran na listaxe de excluídos, senón que os seus nomes constan correctamente na relación de admitidos.

#### 5. Tribunal cualificador.

5.1. A composición do tribunal cualificador destas probas será publicada no *Diario Oficial de Galicia* cunha antelación de, polo menos, un mes respecto da data de inicio do primeiro exercicio.

5.2. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir e notificaranllo ao reitor da Universidade, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, ou participasen en tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas dentro dos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O presidente poderá solicitar dos membros do tribunal declaración expresa de non se encontraren incursos nas circunstancias previstas nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorreren as circunstancias citadas.

5.3. Logo da convocatoria do presidente, constituirase o tribunal coa asistencia do presidente e o secretario ou, de ser o caso, daqueles que os substitúan, e como mínimo da metade dos seus membros. Nesta sesión, o tribunal acordará todas as decisións que correspondan para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

5.4. Para os efectos de realización de sesións, deliberacións e adopción de acordos, requirirase a asistencia dos membros do tribunal especificadas no punto anterior.

5.5. O tribunal resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer nos casos non previstos. O pro-

cedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 30/1992.

5.6. O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes aos exercicios que estime pertinentes, e estes limitaranse a prestar colaboración nas súas especialidades técnicas. A designación de tales asesores será feita polo reitor da Universidade da Coruña, por proposta do tribunal, e seralles de aplicación o previsto na base 5.2.

5.7. Os membros do tribunal cualificador deberán posuír titulación igual ou superior á exixida para seren admitidos ás probas.

5.8. O tribunal cualificador adoptará as medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario, de forma que os aspirantes con algunha discapacidade gocen de similares condicións para a realización dos exercicios que o resto dos aspirantes. Para as persoas con discapacidade que o soliciten na forma prevista na base 3.4., estableceranse as adaptacións posibles en tempo e medios.

5.9. O presidente do tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que os exercicios escritos que non deban ser lidos ante o tribunal sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade dos aspirantes. O tribunal excluírá aqueles opositores que consignen nas follas de exame marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.

5.10. Para efectos de comunicacións e demais incidencias, o tribunal terá a súa sede na Reitoría da Universidade da Coruña.

5.11. En ningún caso o tribunal poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao das prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraña o establecido será nula de pleno dereito.

5.12. O tribunal terá a categoría 2ª das recollidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (*Diario Oficial de Galicia* do 25 de xuño).

#### 6. Desenvolvemento dos exercicios.

6.1. A orde de actuación dos opositores iniciárase alfabeticamente polo primeiro da letra que corresponda, de conformidade coa resolución da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza que se publica para tal efecto para o ano 2008.

6.2. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal coa finalidade de acreditaren a súa identidade.

6.3. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio nun único chamamento e serán excluídos da oposición aqueles que non comparezan, agás non casos de forza maior, debidamente xustificadas e libremente considerados polo tribunal.

6.4. A publicación dos sucesivos anuncios de realización dos exercicios será efectuada polo tribunal nos lugares onde tivera lugar o anterior, así como na sede do tribunal e por calquera outro medio que se xulgue conveniente para facilitar a súa máxima

divulgación, con 48 horas de antelación, polo menos, á data sinalada para a súa iniciación.

6.5. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal tiver coñecemento de que algún dos aspirantes carece dos requisitos exixidos por esta convocatoria, logo da audiencia do interesado, deberá poñerlle a súa exclusión ao reitor da Universidade da Coruña e comunicarlle tamén as inexactitudes e falsidades formuladas polo aspirante na solicitude para os efectos procedentes.

#### 6.6. Aspirantes de nacionalidade estranxeira.

Con carácter previo á realización dos exercicios da fase da oposición, os aspirantes que non posúan a nacionalidade española deberán acreditar o coñecemento do castelán mediante a realización dunha proba, en que se comprobará que posúen un nivel axeitado de comprensión e expresión oral e escrita nesta lingua.

O contido desta proba axustarase ao disposto no Real decreto 826/1988, do 20 de xullo, polo que se establecen os diplomas acreditativos do coñecemento do español como lingua estranxeira. A proba cualificarase de apto ou non apto e é necesario obter a valoración de apto para pasar a realizar os exercicios da fase de oposición. Quedan eximidos de realizar esta proba os aspirantes que acrediten mediante fotocopia compulsada estar en posesión do diploma básico ou superior de español como lingua estranxeira establecido polo Real decreto 826/1988, modificado e completado polo Real decreto 1/1992, do 10 de xaneiro, ou do certificado de aptitude en español para estranxeiros expedido polas escolas oficiais de idiomas ou certificación académica que acredite ter superadas todas as probas dirixidas á obtención dos mencionados diplomas. De non achegaren esta documentación non poderán ser declarados exentos e deberán, en consecuencia, realizar a proba descrita.

#### 7. Listaxe de aprobados.

7.1. Concluído cada un dos exercicios da fase de oposición, o tribunal fará pública nos lugares de realización deles e na Reitoría a relación de aspirantes que os superasen, con indicación da puntuación obtida e mais do documento nacional de identidade.

7.2. Rematada a fase de oposición, e para os aspirantes que a superasen, o tribunal fará públicos os puntos correspondentes á fase de concurso.

7.3. A cualificación final do proceso selectivo virá dada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e mais na fase de concurso. Os puntos obtidos nesta última, en ningún caso, poderán sumarse para os efectos de superar a fase de oposición. No caso de empate, a orde establecerase atendendo á maior puntuación obtida nos exercicios da fase de oposición e pola seguinte orde: segundo exercicio, se persistise, no primeiro exercicio; e, se aínda así persistise, atenderase á maior puntuación no terceiro exercicio. No caso de que continuase persistindo o empate, dirimirase por sorteo público en presenza dos opositores empatados.

7.4. O tribunal fará pública a listaxe de aspirantes que, segundo a orde de puntuación acadada por cada un deles, fosen seleccionados, a cal en ningún caso poderá contar cun número de candidatos superior ao das prazas convocadas.

7.5. Rematado o proceso selectivo, o presidente do tribunal remitiralle ao reitor a relación definitiva de aspirantes aprobados segundo o respectivo sistema de acceso e por orde de puntuación, en que constarán as cualificacións da fase de concurso e de cada un dos exercicios da fase de oposición e a suma total.

#### 8. Presentación de documentos.

8.1. No prazo de vinte días naturais, a partir do seguinte a aquel en que se fagan públicas as relacións definitivas de aprobados, estes deberán presentar nos rexistros a que fai referencia o punto 3.3 desta convocatoria:

Fotocopia compulsada do título ou certificación académica que acredite ter realizados os estudos para a obtención do título de bacharelato, formación profesional de segundo grao ou equivalente.

8.2. Os que dentro do prazo fixado, agás caso de forza maior, non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 2.1., non poderán ser nomeados funcionarios e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

#### 9. Nomeamento.

9.1. Concluído o proceso selectivo, aqueles que o superen serán nomeados funcionarios de carreira da escala de auxiliares de arquivos, bibliotecas e museos da Universidade da Coruña, mediante resolución reitoral que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

9.3. A toma de posesión dos aspirantes que aproben o proceso selectivo efectuarase no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da data de publicación da devandita resolución de nomeamento no *Diario Oficial de Galicia*.

#### 10. Norma derradeira.

Esta convocatoria e cantos actos administrativos deriven dela e da actuación do tribunal poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Ademais, a Universidade da Coruña poderá, se for o caso, proceder á revisión das resolucións do tribunal consonte o previsto na devandita lei.

A Coruña, 10 de marzo de 2008.

José María Barja Pérez  
Reitor da Universidade da Coruña

#### ANEXO I Proceso selectivo

#### Fase de oposición.

Primeiro exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistirá en contestar un cuestionario de 120 preguntas con catro respostas alternativas, das que só unha delas é correcta, baseado no contido

completo do programa que figura como anexo a esta convocatoria. Todas as preguntas terán a mesma puntuación e cada resposta errónea descontará o 33% do valor da resposta correcta. O tempo máximo de realización deste exercicio será de 120 minutos. A puntuación será de 0 a 72 puntos, de modo que será necesario para aprobar obter un mínimo de 36 puntos.

Segundo exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistirá en resolver dous supostos teórico-prácticos, sobre o módulo B do temario. Cada suposto estará desagregado en 15 preguntas curtas. A puntuación será de 0 a 60 puntos, de modo que será necesario para aprobar obter un mínimo de 30 puntos.

Terceiro exercicio, de carácter obrigatorio e non eliminatorio: consistirá en contestar por escrito un cuestionario sobre o uso do idioma galego, en especial da linguaxe administrativa. Cualificarase de 0 a 12 puntos.

Fase de concurso.

Para os aspirantes que superen a fase de oposición o tribunal valorará a razón de 0.6 puntos por mes completo, ata un máximo de 36 puntos, o desempeño de postos do grupo C1 (antigo grupo C) da escala de auxiliares de bibliotecas, arquivos e museos da Universidade da Coruña. Neste punto, consideraranse servizos prestados na UDC o tempo traballado na Universidade de Santiago de Compostela con anterioridade á entrada en vigor do Decreto 3/1990, do 11 de xaneiro, de segregación de centros e servizos da Universidade de Santiago de Compostela con todos os seus medios materiais e humanos e da súa integración nas novas universidades da Coruña e Vigo (DOG do 24 de xaneiro de 1990), así como os servizos prestados en centros adscritos, desde que foron adscritos, e que foron posteriormente transferidos á UDC. Os servizos computables serán os retribuídos con cargo ao capítulo I do orzamento de gastos e certificados pola respectiva xerencia.

Atendendo a estes mesmos criterios valorarase o desempeño de postos do grupo C1 de escala de auxiliares de bibliotecas, arquivos e museos en calquera universidade pública española certificado pola respectiva xerencia, a razón de 0.2 puntos por mes completo ata un máximo de 36 puntos.

A puntuación máxima que se pode conseguir na fase de concurso é de 36 puntos.

## *ANEXO II* Programa

### Bloque A.

1. A Constitución española de 1978.
2. Estatuto de autonomía de Galicia.
3. A Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
4. Lei 7/2007 do Estatuto básico do empregado público. Lei 4/1988 de función pública de Galicia.
5. A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.
6. Os Estatutos da Universidade da Coruña.

### Bloque B.

7. Concepto e misión dos servizos bibliotecarios. Clases de bibliotecas.

8. As bibliotecas universitarias en España. Concepto e función. Os centros de recursos para a aprendizaxe e a investigación (CRAI).

9. Cooperación bibliotecaria. Rebiun. Os consorcios. O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.

10. A Biblioteca da Universidade da Coruña. Estrutura e normas de funcionamento.

11. Concepto e función do arquivo. Clases de arquivos. O arquivo da Universidade da Coruña. Normas básicas de transferencia de documentación ao Centro de Documentación e Arquivo.

12. Os formatos documentais: monografías, publicacións seriadas. Tipos de soportes documentais.

13. Xestión das adquisicións. Comprobación en catálogos. Tramitación e seguimento de pedimentos.

14. Proceso técnico dos libros, publicacións periódicas e materiais especiais. O seu reflexo no OPAC.

15. Os sistemas informáticos de xestión integrada de bibliotecas.

16. A base de datos bibliográfica: estrutura e catálogos. O formato MARC 21. Recuperación de información na base de datos bibliográfica.

17. Xestión da base de datos de usuarios: tipos de usuarios, altas e baixas.

18. Xestión da colección: organización dos fondos bibliográficos, libre acceso, depósito, control físico da colección, contaxes e expurgacións.

19. Servizos aos usuarios na biblioteca universitaria (I): orientación e atención ao público, servizos de referencia, procuras bibliográficas automatizadas, difusión selectiva de información e formación de usuarios.

20. Servizos aos usuarios na biblioteca universitaria (II): consulta en sala, préstamo, préstamo intercentros, préstamo interbibliotecario e subministración de copias.

21. Fontes de información en ciencias sociais e humanidades. Recursos existentes na Universidade da Coruña.

22. Fontes de información en ciencia, tecnoloxía en ciencias da saúde. Recursos existentes na Universidade da Coruña.

23. Internet. Concepto e servizos. Aplicación nas bibliotecas.

24. A Lei de propiedade intelectual.

25. A protección de datos en España e a súa implicación na xestión bibliotecaria.

Nota: debe entenderse que este temario pode verse afectado polas modificacións legislativas que puidesen producirse ata a data do exame.



**Universidade da Coruña**

ANEXO III

SOLICITUDE DE ADMISIÓN A PROBAS SELECTIVAS  
PARA PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

DATOS PERSOAIS

1. Primeiro apelido:		2. Segundo apelido:		3. Nome:	
4. Data de nacemento:		5. Localidade e provincia:		6. Nacionalidade:	
7. DNI núm.:		8. Enderezo, rúa, número e piso:		9. Localidade, provincia:	
10. Código postal:		11. Teléfonos:		12. Correo electrónico:	

CONVOCATORIA

13. Escala AUXILIAR DE ARQUIVOS, BIBLIOTECAS E MUSEOS		14. Data BOE da convocatoria:		15. Sistema de acceso convocatoria: <input type="checkbox"/> Quenda libre	
16. Discapacidade: .....%		17. Reserva persoas con discapacidade <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>		18. TAXAS <input type="checkbox"/> Importe dereitos de exame <input type="checkbox"/> Exención taxas discapacitado	
19. No caso de minusvalidez, adaptación que se solicita e motivo desta:					
20. Datos que hai que consignar segundo as bases da convocatoria:					
21. Idioma en que desexa realizar as probas: <input type="checkbox"/> Galego <input type="checkbox"/> Castelán <input type="checkbox"/>					
TÍTULO ACÁDEMICO OFICIAL					
EXIXIDOS NA CONVOCATORIA					
SERVIZOS PRESTADOS					
SERVIZOS PRESTADOS NA I+D+I: <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>					
SERVIZOS PRESTADOS NOUTRAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS: <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>					

A persoa que asina a continuación solicita ser admitida para as probas selectivas a que se refire esta instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, que reúne as condicións exixidas para o ingreso na función pública e as especialmente sinaladas na convocatoria, e comprométese a probar documentalmente todos os datos que figuran na solicitude.

Este formulario non é válido sen o selo ou impresión mecánica da entidade bancaria.  
Ingreso na conta nº 0049-5030-15-2516011262. Banco Santander Central Hispano

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_  
(Sinatura)

REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

## VI. ANUNCIOS

### a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

#### CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

*Cédula do 26 de febreiro de 2008, da Subdirección Xeral de Inspección de Transportes, pola que se notifican as denuncias por infracción da normativa vixente en materia de transportes terrestres devoltas polo servizo de correos por resultaren descoñecidos os seus destinatarios ou ben porque intentada a notificación non se puido efectuar. (Expediente DX-00006-I-2008 e outro máis).*

Por medio desta cédula notificáse aos denunciados, cuxos datos e último enderezo coñecido se sinalan no anexo, as denuncias que se formularon contra eles. Por este motivo incoáronse, cos números

que se indican, os correspondentes expedientes sancionadores que poden dar lugar ás sancións que tamén se citan.

Fáiselles saber o dereito que os asiste de alegaren por escrito, perante a Subdirección Xeral de Inspección de Transportes, o que consideren conveniente, achegando ou proponendo as probas que coiden oportunas dentro dos quince días hábiles seguintes ao da publicación desta cédula.

Para que conste, lles sirva de notificación aos citados denunciados, e en cumprimento do disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro (BOE do 27 de novembro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, expido, asino e selo esta cédula en Santiago de Compostela, o 26 de febreiro de 2008.

P.A.  
Mercedes López Caneda  
Instrutora

### ANEXO

Expediente Matrícula Denunciante	Denunciado Último enderezo coñecido	Feito denunciado Data Hora Estrada pq.	Precepto infrinxido	Precepto sancionador	Sanción proposta
DX-00006-I-2008 2596-DSW. DX-003	<i>Losada Barreiro, S.L.</i> Castelao, 9-baixo dereita 36960-Dorrón (Pontevedra)	Realizar transporte de mercadorías (terra) co vehículo matrícula 2596-DSW, provisto de autorización de transportes da serie MPC, que ten autorizada unha MMA de 26.000 kg, presentando un peso total en báscula móbil (modelo Haenni WL 103) de 29.300 kilogramos, o que supón realizar transporte cun exceso de 3.300 kilogramos que representa a súa vez un 12,6% de exceso sobre pola súa masa máxima autorizada. (A pesar de figurar no ticket de báscula 16 xan-2007, correspóndese co ano 2008). 16-1-2008; 12.43; PO-531; 3		Art. 143.1º f) Lei 16/1987, do 30 de xullo. Art. 201 R.D. 1211/1990, do 28 de setembro.	1.831 euros
DX-00010-S-2008 C-5722-BJ Policía local	<i>Discalvo, S.L.</i> Rúa do Cubelo-Amio, 67 15703-Santiago de Compostela (ACoruña)	Realizar transporte de mercadorías percedoiras carecendo do correspondente certificado de conformidade. Xúntese fotocopia cotexada da citada denuncia formulada polo axente de Policía local (nº 154) do Concello de Santiago de Compostela. 9-1-2008; 11.10	Anexo I ATP Art.7 de R.D. 237/2000 (BOE 16-3).	Art. 143.1º g) Lei 16/1987, do 30 de xullo. Art. 201 R.D. 1211/1990, do 28 de setembro.	2.001 euros